

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA RELATIVO Á UNIDADE DOCENTE DE ENFERMERÍA OBSTÉTRICO - XINECOLÓXICA

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, don Julio García Comesaña, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia, e de conformidade cos Decretos 136/2019, e 137/2019, do 10 de outubro, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente, e co Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos, así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Doutra parte, don Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela (CIF.: [REDACTED]), que actúa en nome e representación da Universidade, en virtude do seu nomeamento polo Decreto 35/2022, do 17 de marzo, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal para obrigarse e subscribir o presente convenio, e a tal efecto,



EXPOÑEN

Primeiro. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade dende a súa creación pola Lei 1/1989 de 2 de xaneiro, ten entre as súas funcións a xestión das prestacións sanitarias e a xestión dos centros, servizos e establecementos sanitarios propios ou adscritos ao mesmo, así como o desenvolvemento de programas de docencia que lle sexan encomendados pola Consellería, dentro da súa competencia ou que sexan necesarios para os seus fins.

Así mesmo, o Decreto 112/2015, do 31 de xullo, creou a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (en adiante ACIS) adscrita á Consellería de Sanidade a través do Servizo Galego de Saúde. Entre os seus fins xerais e obxectivos básicos está o de actuar, en réxime de descentralización funcional, como un instrumento de xestión da formación no Sistema Público de Saúde de Galicia e leva a cabo a coordinación, o desenvolvemento e o exercicio das funcións relacionadas coa formación sanitaria especializada, así como a elaboración da oferta anual de prazas de formación sanitaria especializada, en colaboración con outras unidades, sobre a base dos estudos de necesidades formativas no ámbito sanitario estatal e autonómico. A súa Presidencia correspóndelle á persoa titular da Consellería de Sanidade.

Segundo. Que a Universidade de Santiago de Compostela é unha institución de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e goza de autonomía académica, económica e de goberno de acordo coa Constitución e coa Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, e entre os seus fins prioritarios figuran, entre outros, a consecución das máximas cotas de calidade da docencia e o desenvolvemento de formación axeitada, presencial ou non, para facilitar a aprendizaxe do estudantado e a preparación para o exercicio de actividades profesionais.

Terceiro. Que é de interese común do Servizo Galego de Saúde, da ACIS e da Universidade de Santiago de Compostela a formación nas Ciencias da Saúde, nas súas diferentes etapas en tanto que, ambas as dúas partes teñen como función básica a prestación dun servizo público á sociedade.



Cuarto. Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a ACIS e a Universidade de Santiago de Compostela veñen colaborando tradicionalmente no desenvolvemento de actividades docentes no ámbito da saúde.

Quinto. Que o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela subscribiron o 1 de xullo de 1994 un convenio de cooperación para a constitución dunha unidade docente acreditada para a formación de especialistas en Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica, coa conseguinte habilitación para o exercicio profesional. A través deste convenio o Servizo Galego de Saúde comprometéase a garantir a dispoñibilidade dos servizos das Institucións Sanitarias de Atención Especializada e Atención Primaria relacionadas no seu anexo para a formación práctica da especialidade, e a Universidade de Santiago de Compostela comprometéase a garantir a formación teórica da especialidade e asumía a coordinación da Unidade Docente, con sede administrativa actualmente na facultade de enfermaría, en atención ao interese compartido no desenvolvemento daquela formación.

Sexto. Que a unidade docente réxese polo disposto no Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, polo que se determinan e clasifican as especialidades en Ciencias da Saúde e se desenvolven determinados aspectos do sistema de formación sanitaria especializada e ao Real decreto 1146/2006, de 6 de outubro, polo que se regula a relación laboral especial de residencia para a formación de especialistas en Ciencias da Saúde.

Sétimo. Que a través do presente convenio séntanse as bases para canalizar as necesarias relacións de colaboración que deben existir entre os distintos dispositivos da Unidade Docente, a fin de proporcionar aos/ás residentes en enfermaría obstétrico-xinecolóxica, unha formación integral, completa e adaptada tanto á realidade técnica, profesional e social actual, como aos cambios que se poidan producir ao longo do seu período de formación.

Oitavo. Que o Servizo Galego de Saúde destina unha subvención para o adecuado funcionamento da unidade docente de enfermaría obstétrico-xinecolóxica.

Noveno. Dada a especificidade das características que debe cumprir a entidade destinataria da subvención, así como da actividade que desenvolve aquela, non é posible promover concorrencia pública, de conformidade co previsto nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.



A formación de especialistas en enfermería obstétrico-xinecolóxica é de interese público.

O programa formativo da especialidade de enfermería obstétrico-xinecolóxica consta dunha parte práctica asistencial que se desenvolve nos centros acreditados do Servizo Galego de Saúde, e unha parte teórica importante, con maior carga co resto de especialidades.

Esta formación teórica ten que ser impartida por profesionais debidamente cualificados nas áreas correspondentes, como require a formación de especialistas en Ciencias da Saúde.

A Universidade de Santiago de Compostela é a única das tres universidades galegas que conta con Facultade de Medicina, sendo o seu profesorado o encargado de impartir esta formación.

A Universidade de Santiago de Compostela cumpre os requisitos esixidos polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención.

A Universidade comprométese ademais a cumprir as obrigas especificadas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como calquera outra obriga que a normativa vixente en materia de subvencións esixa aos beneficiarios destas.

Polo anteriormente exposto, as partes asinantes acordan subscribir o presente Convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

É obxecto do presente Convenio establecer o réxime de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a ACIS e a Universidade de Santiago de Compostela para garantir o desenvolvemento do programa de formación da especialidade de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica, de conformidade co establecido pola Orde SAS/1349/2009, do 6 de maio, pola que se aproba e publica o programa formativo da especialidade de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica, así como a coordinación do funcionamento



da Unidade Docente de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica da Comunidade Autónoma, cuxa titularidade asume o Servizo Galego de Saúde.

Para o desenvolvemento da súa actividade a unidade docente contará na súa composición cos dispositivos asistenciais acreditados, tanto de atención hospitalaria como de atención primaria, pertencentes ao Servizo Galego de Saúde, nos que se desenvolverá a actividade asistencial práctica dos/as futuros/as especialistas, e coa Universidade de Santiago de Compostela como dispositivo no que se desenvolverá a formación teórica da especialidade, segundo o establecido no programa da mesma.

Aos efectos do financiamento do programa formativo teórico e da coordinación da unidade docente de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica de Galicia, do que se responsabilizará a Universidade de Santiago de Compostela, a sinatura do presente convenio implica a concesión directa dunha axuda ao seu favor.

Segunda. Obrigas do Servizo Galego de Saúde e da ACIS

O Servizo Galego de Saúde asume os seguintes compromisos:

- Formalizar os correspondentes contratos de traballo coas persoas que resulten adxudicatarias das prazas en formación, segundo o establecido no Real decreto 1146/2006, de 6 de outubro.
- Determinar os centros hospitalarios e centros de saúde nos que se levará a cabo a formación, que en todo caso terán que estar acreditados para a formación de especialistas en Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica.
- Facilitar as instalacións e recursos necesarios para o desenvolvemento da formación.
- Facilitar a actividade docente do persoal das Institucións Sanitarias que forman parte da Unidade Docente, nas ensinanzas teóricas vinculadas ao programa de formación.
- Financiar os gastos derivados do desenvolvemento do programa teórico da especialidade e da xestión da Unidade Docente, mediante a achega da cantidade establecida neste convenio.

Pola súa banda, a ACIS asume os seguintes compromisos:



- A coordinación, o desenvolvemento e o exercicio das funcións relacionadas coa formación sanitaria especializada de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica, e a elaboración da oferta anual de prazas, en colaboración con outras unidades, sobre a base dos estudos de necesidades formativas no ámbito sanitario estatal e autonómico.
- A proposta da persoa responsable da Xefatura de Estudos da Unidade Docente. A súa designación, funcións, avaliación e recoñecemento farase segundo o establecido na Orden SC0/581/2008, de 22 de febreiro, pola que se publica o Acorde da Comisión de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde, polo que se fixan os criterios xerais relativos á composición e funcións das comisións de docencia, a figura do xefe de estudos de formación especializada e o nomeamento do titor.
- As funcións de supervisión e control do desenvolvemento do programa formativo de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica (Matrona), en colaboración co Servizo Galego de Saúde.
- A revisión da documentación presentada pola Universidade de Santiago de Compostela en xustificación da presente achega.

Terceira. Obrigas da Universidade de Santiago de Compostela

A Universidade de Santiago de Compostela:

- Destinará os fondos achegados polo Servizo Galego de Saúde a sufragar os custos derivados do programa formativo teórico e da xestión da unidade.
- Porá a disposición dos/as especialistas en formación os recursos que se precisen da Universidade (aulas, salas de reunión, material docente, etc.)
- Planificará o cadro de persoal docente e investigador que imparte docencia teórica na especialidade de enfermmería obstétrico-xinecolóxica.
- Responsabilizarase dos procedementos de selección e provisión temporal de postos de persoal docente e investigador contratado como profesor asociado P6, financiados anualmente, no caso de que sexa preciso para garantir á formación. As prazas de profesorado, no caso de convocarse, a partires da entrada en vigor do presente convenio estarán vinculadas a efectos de planificación docente á área de coñecemento 994, correspondente a especialidade de enfermmería obstétrico-xinecolóxica.



Así mesmo, consonte co que establecen os artigos 40.1, g) e h) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da Universidade de Santiago de Compostela, en tanto que beneficiaria:

- O reintegro total ou parcial, da subvención no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

Cuarta. Financiamento, período de execución da actividade e prazo de xustificación.

O Servizo Galego de Saúde financiará, cunha achega máxima de catrocentos oitenta e oito mil catrocentos euros (488.400, 00 €), conforme á seguinte distribución por ano:

- 122.100, 00 € no 2023
- 122.100, 00 € no 2024
- 122.100, 00 € no 2025
- 122.100, 00 € no 2026

Os importes correspondentes a cada a cada anualidade financiaranse con cargo á partida orzamentaria 1571/412A/4440 dos orzamentos do Servizo Galego de Saúde, todo elo condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos correspondentes ás ditas anualidades.

Poderanse axustar os importes das anualidades do convenio sen superar o importe máximo establecido por anualidade, e, en todo caso, a comisión de seguimento do convenio realizará unha regularización dos gastos variables, antes do 31 de xaneiro de cada anualidade.

A concesión desta axuda é compatible con outras concedidas para o mesmo fin; pero, en ningún caso, o importe da subvención achegada poderá ser de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, supere o custo da actividade subvencionada, tal como se establece no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. De



ser o caso, deberá reintegrarse o financiamento público polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

1. Modo de pagamento por parte do Servizo Galego de Saúde e xustificación da aplicación dos fondos percibidos pola USC

O Servizo Galego de Saúde realizará unha transferencia á USC despois do remate de cada cuadrimestre do ano, con cargo aos créditos do presente convenio e previa a adecuada xustificación pola USC dos gastos realizados.

O importe desa transferencia terá o importe dos gastos xustificadas ata dita data de conformidade co indicado mais adiante, ata completar o máximo importe previsto para cada anualidade.

A xustificación realizarase dentro dos primeiros cinco días do mes seguinte ao de remate de cada cuadrimestre, agás no caso do último cuadrimestre do ano, no que deberase realizar, a máis tardar, o 20 de novembro.

A xustificación consistirá nun resumo da execución das actividades e nunha certificación da Xerencia da Universidade de Santiago de Compostela da toma de razón en contabilidade dos gastos incorridos e do cumprimento dos mesmos para a finalidade para a que foi concedida a subvención. Isto último, independentemente de que a Comisión de Seguimento da cláusula oitava poida solicitar unha memoria desagregada por cada concepto de gasto.

Dita xustificación se presentará, dentro do prazo indicado, ante o Servizo de docencia da ACIS, no seguinte enderezo electrónico docencia.acis@sergas.es. Recibida a documentación xustificativa da axuda, a ACIS, poderá solicitar as aclaracións ou informes que considere oportunos a través de dito enderezo electrónico, ao cal deberán dirixirse as respostas no prazo de dez días hábiles.

Unha vez validada de conformidade a xustificación, dende a ACIS se remitirá a conformidade á Dirección de Recursos Humanos da Área Sanitaria de Santiago de Compostela, para proceder a realizar a correspondente transferencia dentro dos cinco días seguintes.

2. Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da



actividade subvencionada de acordo co recollido neste convenio e que se realicen no período de execución que se indica nesta cláusula. En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a Fundación acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acoillida ao réxime de exención do IVE.

Para o caso de que para garantir o desenvolvemento do programa de formación da especialidade de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica, se precise a adquisición de material que sexa susceptible de ser inventariado, previamente deberá informarse desta necesidade e aprobar a mesma na Comisión de Seguimento regulada na cláusula oitava deste convenio que, no seu caso, poderá autorizar que se proceda a súa adquisición e posta a disposición da Unidade Docente de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica.

3. Período de execución

As actividades obxecto de axuda teranse que realizar nos prazos seguintes:

Ano 2023: Dende o 1 de xaneiro do 2023 ata o 20 de novembro do 2023

Ano 2024: Dende o 1 de xaneiro do 2024 ata o 20 de novembro do 2024

Ano 2025: Dende o 1 de xaneiro do 2025 ata o 20 de novembro do 2025

Ano 2026: Dende o 1 de xaneiro do 2026 ata o 20 de novembro do 2026

En todo caso, os períodos de realización de gastos (emisión facturas) e realización de pagos dos gastos executados pola USC, deberán terse realizado dentro do período especificado para cada anualidade. Considérase gasto realizado o que se leve a cabo dentro do período de execución e sexa efectivamente pagado antes do vencemento do prazo para a presentación da xustificación da axuda.

4. Prazo de xustificación

O prazo de xustificación da execución da totalidade de cada anualidade do proxecto realizarase nas seguintes datas:

Ano 2023: Ata o 20 de novembro do 2023



Ano 2024: Ata o 20 de novembro do 2024

Ano 2025: Ata o 20 de novembro do 2025

Ano 2026: Ata o 20 de novembro do 2026

Transcorridos os prazos indicados sen que o beneficiario presentase a documentación solicitada, requirirase para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda e, no seu caso, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, lle puideran corresponder.

Quinta. Comisión de docencia

A Unidade Docente contará cunha Comisión de Docencia propia, constituída conforme ao Real decreto 183/2008, do 8 de febreiro, así como á Orde SC0/581/2008, do 22 de febreiro, e normativa autonómica de aplicación.

Sexta. Prazas formativas

A máxima capacidade da Unidade Docente será a das prazas acreditadas polo Ministerio de Sanidade, de conformidade co procedemento establecido na normativa de aplicación. A oferta anual de prazas será formulada polo ACIS, de acordo co Servizo Galego de Saúde, tendo en conta a capacidade docente da unidade e a dispoñibilidade orzamentaria e a demanda estimada de profesionais.

Sétima. Persoal

A subscrición do presente convenio non suporá relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo, entre os profesionais que participen na actividade docente ou organizativa da unidade docente, e o Servizo Galego de Saúde, e ACIS, de tal xeito que non se lles pode exixir ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento desta.

Oitava. Comisión Mixta de Seguimento

Para o seguimento deste convenio créase unha Comisión Mixta de Seguimento, formada por tres persoas da Universidade de Santiago de Compostela, unha persoa



do Servizo Galego de Saúde e dúas persoas da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, designadas polo representante da institución respectiva.

- En representación da Universidade formarán parte da Comisión Mixta:

As persoas titulares do vicerreitorado de Profesorado, do vicerreitorado de Titulacións, ou persoas nas que deleguen, e da xefatura de estudos da Unidade Docente de Enfermería Obstétrico-Xinecolóxica.

- En representación do Servizo Galego de Saúde e da ACIS formarán parte da Comisión Mixta:

As persoas titulares da xerencia do Servizo Galego de Saúde, da xerencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, ou persoas nas que deleguen, e da xefatura do servizo de Docencia da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde.

A Comisión terá como funcións: o seguimento, avaliación e resolución das cuestións que se formulen durante a aplicación deste convenio, dando traslado, de selo caso, ás instancias competentes das institucións que o subscriben, das propostas de resolución correspondentes; e o establecemento dos gastos variables anuais antes do 31 de xaneiro da cada anualidade.

A Comisión Mixta constituirase no prazo dun mes, a partir da sinatura do convenio.

A súa presidencia corresponderá á persoa titular da xerencia do Servizo Galego de Saúde ou persoa en quen delegue.

A Comisión reunirse tantas veces sexa necesario en cada curso académico, por acordo do Presidente ou por petición das persoas que representan a calquera das partes que asinan o convenio e adoptará os acordos por unanimidade e levantará acta do contido de cada unha das reunións.

De forma supletoria aplicárase o disposto, respecto dos órganos colexiados, na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Novena. Vixencia do convenio

O presente convenio estará vixente dende o día da súa sinatura e ata o 31 de decembro do ano 2026, podendo prorrogarse, por acordo das partes, por un período de ata catro anos adicionais.



En todo caso, as partes comprométense a continuar as actividades docentes da Unidade ata a finalización do programa completo dos/das enfermeiros/as especialistas que se encontren en formación.

Décima. Modificación do convenio

As partes asinantes poderán acordar a modificación do presente convenio, coa finalidade de axustalo ao cumprimento do seu obxecto, e a tal fin formalizarán a correspondente adenda.

En todo caso, calquera modificación estará suxeita á normativa que resulte de aplicación, así como ás disponibilidades orzamentarias.

Undécima. Causas de resolución

Serán causas de resolución do presente convenio o mutuo acordo entre as partes, o incumprimento, total ou parcial, dalgunha das súas cláusulas por calquera das partes, ou a denuncia expresa formulada por algunha delas cunha antelación mínima de tres meses á data na que se pretenda poñer fin á súa vixencia.

En todo caso, as partes comprométense a continuar as actividades docentes da Unidade ata a finalización do programa completo dos enfermeiros/as especialistas que se encontren en formación.

Duodécima.- Natureza xurídica

O presente convenio ten natureza administrativa sendo de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

De conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o presente convenio de colaboración está excluído do ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, de conformidade co previsto no artigo 4 da dita lei, aplicaranse os principios desta para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Décimo Terceira. Xurisdición

As dúbidas que se poidan presentar sobre a súa interpretación resolveranse de mutuo acordo entre as partes pola Comisión de Seguimento. Non obstante, no caso de persistencia do desacordo, corresponderá á xurisdición contencioso



administrativa resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir en relación coa súa interpretación e cumprimento.

Décimo Cuarta. Rexistro de Convenios, transparencia e bo goberno

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito o consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, na Lei galega 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 46 do Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e se aproban os seus estatutos.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E en proba de conformidade, asínase o presente Convenio na data da sinatura dixital.

O Conselleiro de Sanidade e Presidente
do Servizo Galego de Saúde e da ACIS

Julio García Comesaña

O Reitor da Universidade de Santiago de
Compostela

Antonio López Díaz



Firmado
digitalmente por

7 [REDACTED]
ANTONIO LOPEZ

(R: [REDACTED])

Fecha: 2023.10.13
11:06:50 +02'00'

